

Os seguintes documentos permítennos elaborar unha composición de texto histórico sobre a cuestión nacional en España no século XIX.

O nacionalismo é unha ideoloxía política nacida no século XIX en Europa principalmente a partir de dúas fontes como son o **liberalismo**, e o seu concepto de soberanía nacional e de igualdade xurídica que crea a figura do cidadán e rompe co concepto de súbdito existente no Antigo réxime, e o **romanticismo** e a súa exaltación dos sentimentos. Atendendo ao motor da configuración das identidades nacionais podemos distinguir dous grandes tipos de nacionalismo: o **orgánico-historicista**, (de orixe alemán principalmente) que afirma que as nacións son produtos históricos e se identifican cunha comunidade de cultura (*völkgeist*), e o **voluntarista** ou artificial (de orixe francesa) que fai fincapé na vontade política dos individuos dentro do contexto do liberalismo de formar una comunidade política identificada coa nación.

A aspiración do nacionalismo é a identificación da Nación (identidade ou sentimento de pertenza a unha comunidade ou entidade cultural, histórica ou lingüística homoxénea) co Estado (organización política). Atendendo a isto pode ser **centrípeto**, cando aglutina nun Estado, e **centrífugo**, cando unha minoría nacional dentro dun estado plurinacional se separa coa intención de formar un Estado diferente. No caso concreto de España ao longo do XIX destacan catro tipos de nacionalismo atendendo as identidades nacionais. O primeiro o **español**, dividido en dous tipos: o **conservador** vinculado ao liberalismo doutrinario e hexemónico durante a Restauración cunha forte presenza do catolicismo como rasgo identitario; e o **democrático** defendido polos demócratas e os republicanos cunha tendencia cara a descentralización do Estado e o recoñecemento das outras sensibilidades nacionais do Estado.

En canto aos outros tres, o catalán, o vasco e o galego, comparten rasgos comúns evolutivos. Partirían dunha primeira fase vinculada ao **provincialismo** que reivindicaba no marco da monarquía isabelina e da reforma provincial de Javier de Burgos o recoñecemento aos particularismos rexionais (no caso galego destacan as ideas de Antolín Faraldo e o pronunciamento dos Mártires de Carral en 1846). Unha segunda fase a partir de 1880 denominada **rexionalismo** que reivindicaba cotas de autogoberno e a descentralización administrativa. E unha terceira fase denominada **nacionalismo** que reclama un goberno propio claramente vinculada ao **nacionalismo centrífugo**. Esta cuestión é especialmente importante en España debido as súas propias características políticas e sociais: un territorio cunha gran diversidade cultural e lingüística; a uniformización do Estado liberal a partir do modelo castelán que provocou un enfrontamento definido como centro oposto á periferia; o desigual desenvolvemento industrial de Cataluña e País Vasco e as reivindicacións da súa burguesía (non esquezamos que é o motor das reivindicacións nacionalistas) xa que están lonxe dos centros de decisión política; o débil desenvolvemento da nacionalización española a raíz do gran descontento pola marcha do país debido ao desastre económico e a conciencia do atraso cultural, económico e político respecto a Europa que dificultaban á construción dun proxecto común do que sentirse orgulloso.

No **caso catalán** as reivindicacións atópanse vinculadas a unha burguesía puxante que reclama unha autonomía perdida coa extinción dos privilexios forais da Coroa de Aragón a raíz da imposición dos Decretos de Nova Planta. Á altura de 1830 o movemento literario da *Renaixença* impulsou un proceso de recuperación da cultura e a lingua propias. O paso do catalanismo cultural ó político tería lugar nos anos 80, cunha orientación rexionalista, que aspiraba a lograr un maior autogoberno para Cataluña. Existen dúas tendencias: a progresista de Valentí Almirall e a conservadora, cuxo maior logro foi a creación da Unión Catalanista en 1891 que destaca polas súas demandas de restauración das institucións históricas e traspaso de competencias, suporían un novo

paso no proceso de afirmación catalanista. Será a principios do século XX cando adopte unha orientación nacionalista, baixo o impulso de Prat de la Riba.

No **caso vasco** a evolución foi diferente e non a podemos entender sen atender a cuestión foral e ao carlismo. Estivo marcada por un feito político fundamental durante a Restauración: a abolición dos foros en 1876. As protestas levaron a Cánovas a aprobar os Concertos Económicos dous anos mais tarde, recoñecendo a autonomía fiscal das Provincias Vascas coa intención de aplacar aos carlistas. Con todo, a plena reintegración foral daría lugar a un movemento reivindicativo encabezado por Sabino Arana. O seu ideario identificaba a etnia e cultura tradicionais como elementos vertebradores do territorio que denominou Euskadi, é un nacionalismo orgánico-historicista fortemente identitario e conservador con rasgos ultracatólicos que o achegarían historicamente moito á Igrexa vasca. Para defender a independencia fundou en 1895 o Partido Nacionalista Vasco.

O **caso galego** é o menos vinculado a unha burguesía que reclamaba os seus dereitos políticos pola mera razón de que en Galicia apenas existía. Foi polo tanto un movemento principalmente intelectualista. A galeguismo tamén experimentou unha lenta evolución na segunda metade do século XIX. Nunha primeira etapa, iniciada en 1840, o provincialismo alentaría a progresiva toma de conciencia das particularidades e necesidades de Galicia. Ese impulso precursor viuse reforzado nos anos 60 polo Rexurdimento, o movemento cultural iniciado por Rosalía de Castro, que aspiraba á revitalización do galego como lingua literaria. Con todo, será a partir de 1880 cando xurda o rexionalismo, defensor do dereito á autonomía política, e que tivo como figuras mais destacadas o liberal Manuel Murguía e o conservador Alfredo Brañas. Xa no século XX manifestárase a nivel organizativo a través das Irmandades da Fala destacando tamén o papel cultural da Xeración Nós.

A modo de **conclusión** cabe destacar que durante o século XIX o nacionalismo que dominou en España foi o conservador e centrípeto da Restauración borbónica. Esta negación da diversidade cultural e da descentralización política actuou como catalizador do desenvolvemento do nacionalismo periférico. A cuestión nacional é especialmente importante na Historia de España, pensemos por exemplo no forte nacionalismo conservador primoriverista ou franquista e a reacción dos nacionalismos periféricos. A día de hoxe é unha cuestión irresoluta, sen ir máis lonxe o actual estado da cuestión catalá ocupa unha das primeiras páxinas da orde política e informativa.